

PREZOS DOS PENSOS

Tal e como recollemos na xornada técnica do pasado ano e tamén no boletín do mes de Novembro do ano pasado os prezos dos pensos seguen a estar altos. Esta tendencia vaise manter neste ano, xa que o prezo dos pensos depende na súa maior parte do prezo das materias primas dos que esta feito: cereais e soia. Nese sentido o Índice de prezos dos alimentos que publica a FAO tódolos meses é un indicador moi válido do que está a acontecer. Este índice representa o prezo dos principais alimentos básicos para a alimentación humana e animal (cereais e soia).

Dende OVICA vimos recomendando dente hai tempo, o incremento da superficie forraxeira e a mellora dos pastos das nosas explotacións. Estas son e serán as bases que nos permitan manter o máximo nivel de autosuficiencia alimentaria e, por conseguinte, a menor dependencia da variación dos prezos dos pensos.

Todos aqueles socios que queiran facer un plan de mellora das súas pradeiras, poñédevos en contacto con OVICA para arrancar un plan de traballo.



COMPRA – VENTA

- Véndense 20 cordeiras de recría da raza Ovella Galega – 669 268 850 – Outeiro de Rei (Lugo)
- Véndese rabaño completo, 50 femias e 2 machos – 627 838 564 e 600 075 520 – Taboada (Lugo)
- Véndese rabaño de ovellas – 649 858 614 e 618 017 261 – Vilardevós (Ourense)
- Véndense rabaño completo de 120 ovellas en cubrición – 609 212 819 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense rabaño de 40 ovellas – 615 420 575 – Chandrexa de Queixa (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie, os pais traballan con ovellas – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese rabaño de 280 ovellas – 664 397 702 – Baños de Molgas (Ourense)
- Véndese rabaño de 330 ovellas – 988 454 014 – Sarreaus (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie – 628 671 655 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie desparasitados e vacinados – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese mastín de un ano e medio traballando con ovellas - 608 879 938 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndese rabaño de ovellas – 649 858 614 e 618 017 261 – Vilardevós (Ourense)
- Véndese rabaño de 100 ovellas – 629 883 081 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense cachorros de 3 meses de Mastín dos Pirineos que conviven con cabras – 671 804 756 – Curtis (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín Leonés – 609 417 868 – A Merca (Ourense)
- Véndense cabritas de recría e machos. Prezo 60/70 euros – 664 524 486 – Allariz (Ourense)
- Véndense cachorros de Mastín Español e de Can de palleiro – 676 114 513 – Alfoz (Lugo)



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 73 MARZO 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

1ª XORNADA TÉCNICA DE VÉLARO S. COOP. GALEGA



Arranca a andaina da Cooperativa Vélaro. A primeira actividade que organiza vai ser a 1ª Xornada Técnica de Vélaro.

Na presentación da xornada explicarase a todos aqueles interesados os motivos da constitución da cooperativa e os obxectivos da mesma.

Un dos primeiros beneficios de formar parte nela será a posibilidade de solicitar a axuda específica para o sector ovino (tanto de carne como de leite) nesta campaña da PAC.

O vindeiro sábado 14 de abril, no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo faranse as seguintes intervencións:

10:30 – INAUGURACIÓN DA XORNADA

Araceli Pillado Salgado
Presidenta de Vélaro S.C.G.

10:45 – 11:45

Perspectivas para a nova PAC 2014-2020, implicacións no sector ovino e cabrún.

D. José Álvarez Robledo

Director Xeral de Producción Agropecuaria – Consellería do Medio Rural e do Mar

11:45 – 12:00 Descanso

12:00 – 13:00

A Gandería Ecolóxica dentro do sector ovino e cabrún de Galicia

D. Ernesto Sánchez Salgado
Director Técnico do CRAEGA

13:00 – 14:00

Situación actual Coidados básicos do cordeiro/cabrito neonato
Novidades sobre a Lingua Azul e o Virus Schmallenberg

D. Miguel Viña Vázquez
Veterinario Responsable ADSG ACIVO

14:00 – CLAUSURA DA XORNADA

Tódolos socios/as de OVICA e ACIVO estades convidados a asistir a esta xornada!

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE OVICA

O vindeiro sábado 14 de abril, despois da 1ª Xornada Técnica de Vélaro, ás 16:00 celebrarase no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo a Asemblea Xeral Ordinaria de OVICA, correspondente ó exercicio 2011. É necesario que confirmedes a vosa asistencia antes do xoves 12 de abril para poder reservar ó xantar que faremos antes, o menú roldará os 15 €. Compre lembrar que este ano hai renovación da Xunta Directiva, así que esperamos as vosas candidaturas.

Podedes chamar ós teléfonos habituais: 669 128 946 – 687 778 013 – 982 245 142



CAIXA RURAL GALEGA

NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

MANEXO - Boadilla (Madrid) utilizará un rabaño de 400 ovelas para a prevención de incendios

A conselleira da Presidencia e Xustiza da Comunidade de Madrid, Regina Plañol, e o alcalde de Boadilla (Madrid), Antonio González Terol, presentaron o programa polo que máis de 400 ovelas encargaranse de desbrozar a zona norte do Monte de Boadilla para evitar incendios forestais. As cabezas de gando actuarán sobre unha superficie de 126 hectáreas hasta fins de maio.

Dende o goberno rexional explicaron que o obxectivo é "retomar" o sistema tradicional de pastoreo para manter limpos os montes, trasladando os rabaños de vacún, caprino u ovino a zonas onde previamente se realizaran labores de limpeza do monte.

RAPA - Bos resultados do equipo español no Campionato Mundial de Tosquiado celebrado en Nova Zelandia

Neste inicio de ano realizouse en Nova Zelandia o Campionato Mundial de Tosquiado. Nese país o tosquiado non se ve soamente como unha profesión, tamén ten unha importante variante deportiva (chegando mesmo a solicitar a inscrición nos Xogos Olímpicos).

Por equipos a competición estivo dominada polos países anglosaxóns, quedando en primeiro posto Nova Zelandia, seguido de Australia e Escocia. España quedou no meritorio posto 12, sobre un total de 23 equipos.

GOBERNO DE ESPAÑA – Arias Cañete cifra nun 25% o recorte orzamentario do Ministerio de Agricultura

Aínda que o recorte do Estado vai ser do redor do 15%, pero queda patente que o goberno do Estado non ten como prioridade o Ministerio de Agricultura. Así esperamos que no desenvolvemento da lei de orzamentos do Estado se vexan as partidas que quedan reducidas.

SANIDADE – O virus Schmallenberg afecta xa a máis de 2.400 explotacións en Europa

A presenza do virus de Schmallenberg (SBV) detectouse xa en 2.456 explotacións gandeiras europeas. En total, constatáronse un total de 1.991 focos en explotacións de ovino, 406 en ganderías de bovino e 59 en granxas de cabrún.

Por países Alemaña ten 1.000 casos confirmados, seguido de Francia con 824, Bélxica con 255, Holanda con 192, Reino Unido con 176 explotacións e por último Luxemburgo con 7 e Italia con unha.

En España, veterinarios da Consellería de Agricultura e Pesca da Junta de Andalucía confirmaron a presenza do SBV nunha explotación gandeira na comarca de Hinojosa del Duque (Córdoba).

INVESTIGACIÓN – A Universidade de Zaragoza pon en marcha un Máster en Producción Ovina

A Cátedra Pastores-Oviaragón da Universidade de Zaragoza pon en marcha para o curso 2012-13 un Máster en Producción Ovina. Desta forma a produción ovina entra de pleno na universidade, collendo así a relevancia que merece este sector.

RAZAS – Aumenta o censo das razas autóctonas Ovella Galega e Cabra Galega

A raza autóctona Ovella Galega experimentou un importante crecemento dende o 2008, pasando de 2.514 a 4.246 animais. En canto ás explotacións, medraron das 79 en 2008 ata as 102 en 2011.

En Cabra Galega chegaron ós 410 exemplares e a 59 ganderías.

LOBO - Galicia ten entre 400 y 600 lobos en unas 65 manadas

Segundo datos de Carlos Sanz, Galicia ten ó redor do 25 % de la poboación de lobos de toda España. Estes e outros datos serán expostos o vindeiro 10 de abril na charla – exposición do proxecto Wolf.

EXPOSICIÓN – PROXECTO WOLF

O vindeiro martes 10 de abril, na Facultade de Veterinaria de Lugo terá lugar unha charla a cargo do naturalista Carlos Sanz sobre a **vida salvaxe e o mundo rural**. Xunto coa charla abrírase unha exposición co mesmo nome. A exposición manterase aberta dende o 10 de abril ata o 7 de maio.

Este acto encádrase dentro do proxecto Wolf, wild life & farmers no que OVICA está a colaborar e no que tamén hai diversos socios implicados.



INFORME SOBRE A SECA

Meteogalicia

meteogalicia

Estamos inmersos nun episodio de seca que comezou coa extraordinaria escaseza de precipitacións na primavera e inicio do verán de 2011. O mes de febreiro, en conxunto, foi o máis seco dende 1961 e cabe cualificalo como extremadamente seco.

Na figura 1 amósase a chuvia rexistrada por mes en Galicia. Durante todo o ano os valores do 2011 foron inferiores á media climática, agás no mes de agosto que estiveron por enriba. Cabe destacar que no mes de decembro o valor do 2011 é a metade do valor climático (sendo decembro o mes máis chuvioso).

En cor verde pódese ver a chuvia acumulada de xaneiro e febreiro de 2012, a cal é significativamente menor á destes meses do ano 2011.




Figura 1 Chuvia acumulada por mes para a serie rexional.




Figura 2 Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática (1971-2000) no inverno 2011-2012.

Na figura 2 podemos apreciar a precipitación deste pasado inverno respecto do valor promedio dos invernos do período 1971 – 2000.

Na maior parte de Galicia os valores foron por debaixo do 40%. Podemos destacar o este da provincia de Ourense, con porcentaxes comprendidas entre o 0% e o 20%. Para esta rexión o inverno considérase moi seco.

No norte da Comunidade galega as porcentaxes oscilan entre os 40% e os 60% polo que o mes considérase seco. O resto das localidades galegas considéranse moi secas-secas con porcentaxes entre os 20%-40%.

Para os vindeiros meses, os modelos de predicción estacional, tanto da NOAA como da MetOffice, indican unha maior probabilidade de que as precipitacións en primavera sexan normais ou por debaixo do normal (**hai que ter en conta que este tipo de prediccións han de ser tomadas con reserva**).

IV CONGRESO DE AGROECOLOXÍA

OVICA está a colaborar ca Universidade de Vigo e o Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía (GIEEA) no **IV Congreso de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica en Galiza** que terá lugar os vindeiros 21, 22 e 23 de xuño de 2012. Todos aqueles interesados en inscribirse podedes consultar a OVICA.

